



GRUPO PROVINCIAL
V-32244006
xosemanuelpuga@gmail.com

Xosé Manuel Puga González, deputado do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta as seguintes **PREGUNTAS** para a súa resposta por escrito

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de xuño de 2023 certas informacións xornalísticas fan referencia a supostos gastos pagados pola Deputación Provincial de Ourense, e que son realizados polo antigo chofer do ex-presidente desta institución provincial, D. Raúl Domarco Piñeiro.

Os gastos aludidos parece ser que se corresponden con agasallos diversos, reparacións de material tecnolóxico, comidas e material deportivo, en resume, supostos gastos que nada teñen que ver cos derivados do seu traballo.

Todos eles gastos “menores” e que polo tanto eluden a licitación pública.

É obriga das persoas que formamos parte de entidades públicas o exercicio da capacidade de control sobre os órganos (mesmo os unipersoais) en aras da transparencia e boa xestión dos fondos públicos.

De feito o artigo 77 da Lei 7/1985 establece o dereito a obter do Presidente ou Xunta de Goberno Provincial “cantos antecedentes, datos ou informacións precisen para o desenvolvemento da súa función”.

PREGUNTAS

1. A canto ascenderon os pagamentos imputados á aplicación orzamentaria 91.211 do mandato 2019-2023 ao habilitado D. Raúl Domarco Piñeiro ?.
2. No mesmo período de tempo, cales foron as cantidades económicas percibidas por esta mesma persoa (D. Raúl Domarco) con cargo ao programa orzamentario 91.213” parque móbil presidencia” ?.
3. Percibiu indemnizacións ou pagamentos con cargo a algunha outra aplicación orzamentaria ?.

Firmado por PUGA GONZALEZ XOSE
MANUEL - ***5700** el día 09/11/2023
con un certificado emitido por AC
FNMT Usuarios

Ourense, 30 de outubro de 2023.

Asdo: Xosé Manuel Puga González

A SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE